

LETRAS GALEGAS 2008

O soño de Álvarez Blázquez cúmprese na alcaldía de Vigo

A cidade albergou onte o primeiro acto do Día das Letras Galegas 2008

B. R. Sotelino | 27/1/2008

Sempre hai tempo para cumprir os soños. Aínda que pasen 44 anos e o formulador dos desexos xa non estea entre os vivos. E é que cando Xosé María Álvarez Blázquez -ao que este ano dedícase o Día das Letras Galegas- ingresou na RAG en 1964 a súa aspiración era ler o seu discurso no Pazo de Castrelos Quiñones de León de Vigo. Non puido facelo porque cando estaba a piques de fixarse a data, deixou de ser alcalde Fontán González, máximo interesado en celebrar



o acto en Castrelos. Finalmente fíxose na sede da RAG na Coruña, e o novo académico puxo a condición de que fose en sábado «para poder regresar o domingo sen perder xornada de traballo». Onte, sábado, o soño cumpriuse a medias. O primeiro dos actos que se celebran en Vigo co gallo do Día das Letras Galegas deste ano comezaron cunha recepción á Real Academia Galega no Pazo de Castrelos, e a posterior lectura do discurso que o homenaxeado pronunciou en 1962 ao ingresar nesta institución, e que foi replicado por Fermín Bouza Brey. Pero desta vez, o discurso foi pronunciado por Xosé María Álvarez Cáccamo, fillo do que fora cronista da cidade e comisario de escavacións arqueolóxicas do Museo de Castrelos. O encargado de darlle resposta tamén tiña que ver moito no asunto. Foi Fermín Bouza Álvarez, fillo de Fermín Bouza Brey, o autor quen respondera naquel ano ás palabras do autor homenaxeado, o que pechou o círculo. Así, tal como explicou Álvarez Cáccamo no evento, «o acto se redondea simetricamente con ese carácter do azar palindrómico que tanto lle gustaba a meu pai».

Novamente as complicacións técnicas e protocolarias impediron que as verbas de Xosé María Álvarez Blázquez resoasen no antigo pazo vigués, xa

que alí celebrouse a recepción, pero non a lectura, que se fixo no auditorio da nova alcaldía de Vigo, instalada no antigo edificio do Reitorado.

Con este acto, a Real Academia rescatou tamén as verbas dos ilustres galeguistas editando un libriño que inaugura as intencións da institución de recuperar discursos significativos de moitos académicos que aínda permanecen inéditos.

As características das instalacións da alcaldía, funcionais e pouco dadas ao romanticismo dos vellos tempos, restáronlle lustre estético ao acto, aínda que non lle quitou emoción de estar cumprindo un vello sono. Álvarez Cáccamo lembrou o discurso titulado **Cantares e romances vellos prosificados**, pero non o fixo ao pé da letra. Máis que un discurso, o texto é un profundo percorrido pola tradición oral, os romanceiros e os cancioneros medievais. O fillo, consciente da premura actual, no que o tempo xa non se mide coma no século pasado, foi dando «chimpos por enriba do texto», como el mesmo dixo, para alixeirar a viaxe ao pasado.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad local:



Comercializa publicidad nacional:



R.M. de A Coruña: tomo 2438 del Archivo, Sección General, folio 114 vto., hoja C-2141. CIF: A-15000649.